

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

C.P.R EFA FONTEBOA

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN.....

2.XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

5. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO NOSO ALUMNADO

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

8.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

10.CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS-NAIS OU TITORES/AS LEGAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS

11. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

13. ANEXOS

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este documento é unha actualización do anterior Plan de Atención á Diversidade aprobado polo Consello Escolar con data 30 de xuño de 2020. Foi revisado polo Departamento de Orientación coa finalidade de adaptalo á realidade actual do noso centro e incorporar asimesmo as novidades lexislativas da LOMCE.

Entrará en vigor despois de ser ratificado polo Claustro de profesorado e aprobado polo Consello Escolar.

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade** forma parte do noso proxecto educativo no cal concrétanse as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo contempla e aplicará en función da dispoñibilidade de recursos e das necesidades educativas do noso alumnado.

A proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade é responsabilidade do Departamento de Orientación, de acordo coas directrices da CCP e as achegas dos departamentos e equipos docentes.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do mesmo.

O Departamento de Orientación, ao comezo de cada curso escolar, elaborará a proposta de Concreción Anual, que formará parte da Programación Xeral Anual. Ao finalizar cada curso, elaborará a Memoria do Plan de Atención á Diversidade e establecerá, de ser o caso, as propostas de mellora.

Esta memoria incorporárase á Memoria Anual do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.

1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade tanxible na nosa sociedade. Sendo conscentes disto, un dos obxectivos educativos fundamentais que se ven plantexando dende a *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, é o de conseguir que todas as persoas acaden o *máximo desenvolvemento persoal e social*. Isto fai necesario que ao noso alumnado se lle *facilite unha resposta educativa adaptada ás súas singularidades* co fin último de que adquira as competencias e acade os obxectivos xerais previstos nas ensinanzas correspondentes.

Considerando isto necesario para a totalidade do noso alumnado, fundamental é, en aquel que **presenta necesidade específica de apoio educativo** como pode ser a derivada de *necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou de historial escolar moi desfavorables*. Por tanto, a escola ten a obriga de respectar e cumprir cos principios de *CALIDADE, EQUIDADE E ESFORZO COMPARTIDO*, nos que se inspiran as vixentes normativas legais, cobrando, por tanto, relevancia a atención á diversidade, dentro dun marco de *normalización, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada*.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, concibe esta **como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa intención de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais** de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e concrétanse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos e alumnas.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA

2.1. A nivel estatal

- Debemos ter como referente principal a **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, coas incorporacións e modificacións da **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa** (texto consolidado-última modificación BOE 30-12-2013), así como todas aquelas normativas, de igual ou menor rango, que non se opoñan ao establecido nelas e nas modificacións que, con posterioridade, se foron publicando.
- RD 943/2003, de 18 de julio, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente.

2.2. A nivel autonómico

- **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE
- **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.
- **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- **Orde do 28 de outubro de 1996** pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización

obligatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.

- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa. dítanse instrucións para unificar as actuacións dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, **na que se establecen entre as accións prioritarias as de “Inclusión e a diversidade”, “Acción titorial”, “Orientación sobre atención á diversidade; “Aprendizaxe permanente e as saídas profesionais”.**
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na nosa comunidade autónoma.
- **Orde do 24 de xullo de 1998, polo** que se establece a organización e funcionamento. da orientación educativa e profesional en Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- **Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro**, implántanse e regúlanse os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- **Orde do 3 de outubro de 2000** dítanse instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.
- **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- **Decreto 107/2014, do 4 de setembro**, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

3.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Centro de Promoción Rural EFA FONTEBOA está situado no Concello de CORISTANCO con núcleos de poboación bastante dispersos que dificultan que o noso alumnado e as súas familias poidan beneficiarse dos recursos culturais e dos servizos educativos-terapéuticos que se atopan nos núcleos urbáns.

O noso centro de carácter concertado escolariza alumnado de dúas etapas educativas: Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional. Recibe alumnado de moitos CEIP da contorna, ademais de recibir alumnos de moitos CPI cuxas familias deciden cambiar ós seus fillos de Centro Educativo. As nosas aulas están ocupadas, como as de calquera outro centro, por alumnado tan diverso como número total de rapaces e rapazas hai matriculados.

Todos e todas presentan a súa propia individualidade en aptitudes cognitivas, competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos

e ritmos de aprendizaxe, historia escolar e familiar. Por tanto presenta cada un/unha deles/delas, as súas propias necesidades, polo que require que se lle dea unha resposta educativa adaptada.

En xeral, atopámonos con alumnado cun nivel medio de potencial de aprendizaxe e/ou que amosa altas expectativas e motivación de logro cara a aprendizaxe, que coñece o valor do esforzo que require a mesma, pero tamén hai un número considerable que carece de motivación e/ou hábitos de estudo e traballo escolar, que non coñece ou non é usuario de técnicas de traballo intelectual. Unha gran maioría, recoñece estudar de forma memorística e, por tanto, non comprensiva.

Hai escolarizado alumnado con *necesidades educativas especiais* asociadas a discapacidade, trastorno por déficit de atención e hiperactividade. Hai ademais un número considerable de alumnado con *necesidade específica de apoio educativo derivada de*: trastornos específicos da linguaxe; dificultades da aprendizaxe derivadas das técnicas instrumentais e/ou das capacidades cognitivas básicas; dificultades articulatorias e algún que sofre as consecuencias derivadas da desvantaxe socioeconómica e cultural do seu entorno familiar.

4.-IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A detección temperá e as accións preventivas deben ter carácter prioritario, tal como establece o artigo 4.4 do **Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia**. Tendo en conta isto, as estratexias de identificación e valoración das necesidades que empregaremos, serán as seguintes:

4.1. Coordinación cos centros adscritos

- Reunións entre orientadores/as para recabar información do alumnado, especialmente de aquel que presenta necesidades educativas especiais e/ou necesidade específica de apoio educativo.
- Os centros adscritos realizarán a súa proposta do alumnado para a exención de Francés, e recibir no seu caso medidas de reforzo.
- Os centros adscritos remitirán ao Departamento de Orientación os Informes Psicopedagóxicos, se é o caso, do alumnado de 6º que promociona á ESO.

- O/A orientador/a revisará os Informes Psicopedagóxicos do alumnado de 6º dos centros adscritos, se é o caso, antes de inicio de curso, do alumnado con necesidades educativas especiais, de cara a recabar información valiosa para a distribución máis equilibrada e heteroxénea do novo alumnado de 1º de ESO.
- Informar aos centros adscritos dos resultados obtidos na avaliación inicial e na 1ª, para consensuar os criterios de promoción de Primaria a Secundaria.

4.2 Avaliación inicial do alumnado

- **Revisión de expedientes do alumnado**

A inicios de cada curso (informes individualizados, informes médicos e/ou psicopedagóxicos, etc) a persoa titora realiza unha revisión dos expedientes do alumnado da súa titoría, coa colaboración do Departamento de Orientación no caso do alumnado con necesidades educativas especiais e de aquel que presenta necesidade específica de apoio educativo. O/A orientador/a, en casos necesarios, facilitará información adicional custodiada no Departamento de Orientación, que poida resultar de interese para iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe con este alumnado.

- **Elaboración de probas de competencia curricular**

Cada Departamento Didáctico responsabilizase de elaborar ditas probas, tendo en conta que deberá dispor de diversos niveis de dificultade.

- **Aplicación de probas de nivel**

Levaranse a cabo en cada área/materia do currículo para avaliar a competencia curricular que presenta o alumnado antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Valoración de técnicas instrumentais básicas, aptitudes xerais e hábitos e técnicas de estudo**

Todo o profesorado contribuirá, dentro das posibilidades que lle permita a materia

que imparte, a valorar o desenvolvemento do alumnado en **técnicas instrumentais básicas** (comprensión lectora, ortografía, expresión escrita, cálculo e resolución de problemas), **aptitudes xerais** (atención, memoria, razoamento), **hábitos e técnicas de estudo**, entre outros.

- **Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial**

Realizarase unha sesión de avaliación inicial ou Pre - Avaliación no mes de outubro, na que participará o Equipo docente e o Departamento de Orientación.

- **Aplicación de probas aptitudinais por parte do Departamento de Orientación**

Nas primeiras sesións de titoría do alumnado de 1º de ESO, o/a orientador/a aplica algunha proba aptitudinal que sirva como complemento para coñecer mellor ao alumnado de nova incorporación á etapa.

- **Entrevistas individuais e reunións**

Como complemento a tódalas actuacións docentes encamiñadas á realización da avaliación inicial, e non por iso menos importantes, organizaranse determinadas entrevistas e reunións, segundo o caso, nas que se intercambiará información e se determinarán actuacións coordinadas. Entre elas están as seguintes:

- ✓ Persoa titora-familia.
- ✓ Persoa titora-Departamento de Orientación.
- ✓ Reunións equipo docente- orientador/a- persoa titora do curso anterior, en especial no caso de cambio de etapa e de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ✓ Entrevistas e/ou outras canles de comunicación entre Departamento de Orientación e outros axentes externos (Equipo de Orientación Específico, Servicios sanitarios, Servicios sociais, Servicios psicopedagóxicos, etc), para intercambiar información e coordinar actuacións do alumnado, se é o caso.

4.3 **Avaliación continua**

- *Análise e valoración dos resultados da 1ª, 2ª e 3ª avaliación*, polo Equipo Educativo e polo Departamento de Orientación.
- *Observación/valoración do alumnado*: competencia curricular, realización de tarefas, esforzo, interese, motivación, capacidade, estilo de aprendizaxe, comportamento, estado emocional, etc.
- *Entrevistas individuais persoa titora-familia, persoa titora-Departamento de Orientación*, etc.
- *Entrevistas e/ou outras canles de comunicación entre Departamento de Orientación e outros axentes externos* (Servicios sanitarios, Servicios sociais, etc), para recabar información do alumno-a.
- *Reunións persoa titora-orientador/a- equipo docente* para intercambio de información.

4.4 **Avaliación psicopedagóxica e/ou interdisciplinar do alumnado** con necesidades educativas especiais e/ou necesidade específica de apoio educativo.

- Departamento de Orientación: encargarse de realizar esta avaliación ademais de elaborar o informe psicopedagóxico, informar-asesorar ao profesorado e familia e garantir a confidencialidade do respectivo documento.
- Departamentos Didácticos: colaborarán na avaliación do nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, etc.
- Servicios sociais e/ou sanitarios (para nenos/as con necesidades que precisan a intervención destes servicios), se é o caso.

4.5.- **Avaliación final**

Cómpre incluír neste apartado as Avaliacións finais de 3º de EP e de 4º de ESO, ámbalas dúas, reguladas pola LOMCE.

Aínda que dende a publicación do **Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro**, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da LOMCE e ata a entrada en vigor da normativa que resulte do Pacto de Estado Social e Político pola Educación, só serán consideradas mostrais e cunha finalidade diagnóstica polo que, en ESO non terá efectos académicos e, por tanto, non se terá en conta para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

5.-DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

5.1.-Obxectivos xerais

- Concretar e unificar criterios de actuación, estratexias e/ou programas para responder á necesidade específica de apoio educativo do noso alumnado.
- Optimizar a organización dos recursos de que dispoñemos, ás necesidades de todo o alumnado e, de maneira especial, de aquel que presenta necesidade específica de apoio educativo.
- Contribuir ao máximo desenvolvemento integral do noso alumnado, que lle permita integrarse e participar de maneira activa e o máis autónoma posible, na nosa sociedade.

5.2.- Obxectivos específicos

- Favorecer o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a.
- Contribuir ao desenvolvemento máximo do seu potencial de aprendizaxe.
- Facilitar a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais de etapa.
- Favorecer a inclusión social e a non discriminación do alumnado con necesidades educativas especiais e/ou necesidade específica de apoio educativo.

6.-DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO NOSO ALUMNADO

Nas actuacións, medidas e programas que seleccionemos para responder á diversidade do noso alumnado, teremos moi en conta os principios xerais de actuación establecidos no **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, que regula a atención á diversidade en Galicia e, con **carácter prioritario**, centrarémonos nos seguintes aspectos:

- *Nas **accións preventivas e na detección temperá**.*
- ***Na implicación e participación de toda a comunidade educativa.***
- *Nas **medidas de carácter ordinario e normalizador**, previas ás de carácter extraordinario.*
- *No enfoque **multidisciplinar e de coordinación** entre os diferentes profesionais.*

Descubriremos, por tanto, en liñas xerais, as **accións preventivas e de detección temperá**, as **medidas ordinarias** e as **medidas extraordinarias** que aplicaremos, en función das necesidades e da dispoñibilidade de recursos con que contemos.

6.1. Accións preventivas e de detección temperá

En algún momento do proceso de ensino-aprendizaxe e/ou ao longo do desenvolvemento persoal, social e/ou académico dun/dunha alumno/a, o profesorado, a persoa titora, o Departamento de Orientación, etc, poden detectar dificultades de aprendizaxe, actitudes, condutas, síntomas, etc, que lles leven a sospeitar da existencia dunha posible necesidade específica de apoio educativo, necesidade educativa especial, etc, polo que primeiramente se informa á persoa titora que será a encargada de comunicalo á familia e ao Equipo directivo e, posteriormente, derivar ao alumno/a ao Departamento de Orientación onde se valorará a necesidade dunha avaliación psicopedagóxica, aplicación de medidas educativas ordinarias, derivación a servizos externos, etc. Esta demanda irá acompañada dunha **Folla de Derivación (Anexo 2)**, dispoñible no Departamento de Orientación, e na que se recollerá a información máis salientable (datos persoais, motivo de derivación, historia escolar e de saúde, etc).

A diario, integradas na nosa labor docente, na nosa propia formación continua, na implicación en proxectos de investigación e innovación educativa, na participación de todos en actividades de dinamización e celebración de efemérides, a través da Escola de pais e nais, etc, estamos levando a cabo accións preventivas e á vez de detección temperá de necesidades educativas. Aínda que a nivel preventivo pretendemos implicar á toda a comunidade educativa, cómpre complementar con **intervencións individuais, por sectores, niveis educativos**, segundo o caso.

Así:

- **Na acción orientadora e tutorial:** plan de acollida ao alumnado de nova incorporación; recollida de información, coordinación docente e avaliación; convivencia e contidos transversais; programas de hábitos e técnicas de traballo intelectual, orientación académica e profesional; relación centro-familia.
- **No deseño e desenvolvemento das programacións didácticas:** aportación de cada área-materia á adquisición das competencias clave, inclusión dos elementos transversais que establecen os decretos do currículo, aportación ao Plan lector do centro, etc.
- **Na participación en actividades propostas por outros departamentos e equipos de dinamización:**
 - Biblioteca:** concursos, celebracións (día do Libro,), Maletas Viaxeiras, Mochilas Viaxeiras, Club de Lectura, Plan lector, etc.
 - Equipo de Dinamización da lingua galega:** celebracións (Samaín, Entroido,)
 - Departamento de actividades complementarias e extraescolares**
 - Departamento de Orientación:** *deseño e implementación de programas* (Hábitos e Técnicas de Estudo, Estimulación da Linguaxe, Habilidades Sociais, Educación Emocional, etc); *coordinación e desenvolvemento da Escola de Pais-Nais e dos Patios inclusivos.*
 - Outros.**

- **Na participación en Proxectos de innovación educativa:** Plan Proxecta, Contratos Programa (Refórza-T, Inclúe-T, Con-Vive,), Plan Director, etc.
- **Oferta educativa do centro:** materia de libre configuración: Promoción de estilos de vida saudables, Obradoiro de música.

Podemos dicir, por tanto, que participa toda a comunidade educativa: Equipo Directivo, Consello Escolar, Claustro de profesorado, Departamento de Orientación, Departamentos Didácticos, Biblioteca, persoas titoras, profesorado, familias, alumnado, ademais de outros axentes externos.

A través dos diferentes plans de actuación, que forman parte do noso Proxecto Educativo de Centro e que se concretan no Plan Xeral Anual, concretamos as accións xerais, proxectos e programas que máis se adecúen ás características e necesidades do contexto, do centro e do noso alumnado. No seu desenvolvemento estamos a potenciar, entre outros aspectos: a competencia lingüística e a competencia matemática, o hábito lector, os hábitos de traballo e as técnicas de estudo, a motivación, a autoestima, o traballo en grupo, os hábitos de vida saudables, a convivencia e respecto aos demais, a participación e implicación de toda a comunidade educativa en actividades formativas, etc.

6.2. Medidas ordinarias

O artigo 8º do ***Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia, recolle as **medidas ordinarias** de atención á diversidade, definíndoas como: “aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescrito sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado”.***

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense as seguintes:

6.2.1. Adecuación curricular ao contorno e ao alumnado

Os decretos que establecen o **currículo** na nosa comunidade educativa definen este como: **“a regulación dos elementos que determinan o proceso de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas”**. Está integrado polos **obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliáveis, e pola metodoloxía didáctica**. Excepto esta última que deberá ser planificada e organizada polo profesorado, os demais elementos non poderán ser alterados de maneira significativa, pero si complementados e organizados de diferentes formas.

6.2.1.1. No Proxecto Educativo de Centro

A resposta á realidade do noso centro e á diversidade do noso alumnado comeza dende o momento en que realizamos a **Concreción do currículo** establecido pola Administración Educativa en cada un dos Decretos do Currículo de cada etapa.

Este nivel de concreción curricular que levamos a cabo no centro, forma parte do noso Proxecto Educativo.

6.2.1.2. Na Programación Xeral Anual

Antes do inicio de cada curso académico, os diferentes Departamentos Didácticos levarán a cabo unha adecuación do currículo á realidade do contexto e do alumnado dese curso académico, a través das Programacións Didácticas de área/materia de cada nivel/ etapa. Neste nivel de concreción curricular concretaremos e temporalizaremos por trimestres os elementos do currículo establecidos pola Administración mentres que poderemos adaptar de forma significativa todos os demais.

Tódalas Programacións Didácticas deberán incluír os seguintes elementos:

- Introducción e contextualización.

- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
Concreción dos obxectivos para cada curso.
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - ✓ Temporalización.
 - ✓ Grao mínimo de consecución de todos os estándares de aprendizaxe para superar a materia.
 - ✓ Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.
- Criterios de avaliación, cualificación e promoción.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- Medidas de atención á diversidade.
- Concreción dos elementos transversais que se traballarán en cada curso.
Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

6.2.1.3. A nivel de aula

Esas Programacións Didácticas poderán ser adaptadas a nivel de aula, polo profesorado de área/materia en función das características persoais e sociais, estilo e ritmo de aprendizaxe do alumnado de cada grupo-clase que imparta.

6.2.1.4. A nivel individual

Cando o profesor/a de área/materia detecta nun/ nunha alumno/a posibles dificultades de aprendizaxe levará a cabo, se o considera necesario, medidas de **reforzo educativo**. *Son medidas ordinarias de atención á diversidade que*

consisten en adaptar os elementos non prescritivos do currículo ás capacidades, competencia curricular, estilo e estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses do alumno/a.

Os elementos curriculares que se poderán adaptar son:

- **Metodoloxía:**

- Agrupamentos de alumnado.

- Procedementos didácticos ordinarios.

- Deseño, selección e adaptación de actividades (nivel de abstracción e/ou complexidade, forma de presentación, etc).

- Recursos materiais (deseño/adaptación/ selección).

- Temporalización prevista para unha determinada aprendizaxe.

- Poderanse priorizar e/ou modificar a secuencia de elementos prescritivos, do currículo, atendendo a criterios de funcionalidade.

- **Avaliación:**

- Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Tempo de realización de exames, actividades, traballos, etc.

6.2.2. Adecuación da estrutura organizativa do centro

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF), forman parte do Proxecto Educativo de Centro e concrétanse anualmente no Plan Xeral Anual para adaptarse ás necesidades e peculiaridades do centro e do alumnado.

Cómpre ter en conta que, se contamos cunha adecuada organización de espazos, con recursos suficientes, coa implicación do profesorado, cunha adecuada relación centro- familia e coa intervención directa do Departamento de Orientación estaremos en condicións de ofrecer unha resposta educativa de calidade ao noso alumnado, que favoreza o clima de traballo no centro e mellore o proceso de ensino-aprendizaxe e, polo tanto tamén os resultados académicos.

As medidas organizativas de carácter ordinario que se poderán levar a cabo para atender de forma adecuada á diversidade do noso alumnado son as seguintes:

6.2.2.1. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Con carácter preferente no noso centro, o profesorado con dispoñibilidade horaria, encargarse de impartir apoio educativo a aquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que así o requira.

6.2.2.2. Desdoblamento de grupos.

O desdobre é unha medida que consiste en dividir un curso en dous grupos. Esta medida favorece unha atención máis persoalizada ao baixar a ratio, o que permite realizar un cambio metodolóxico para reforzar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. Priorizarase nos seguintes casos: primeiros cursos, en grupos con elevado número de alumnado, con alumnado repetidor e/ou con dificultades de aprendizaxe, etc.

6.2.2.3. Exención de francés e reforzo educativo:

O alumnado de primeiro e segundo de ESO que presente claras dificultades de aprendizaxe, en particular nas áreas lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira e recibir nese espazo temporal, medidas de reforzo educativo. Esta decisión tomarase nos seguintes casos:

- Logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación no cal se fará explícito o motivo desta medida, concretamente derivado das dificultades na área lingüística.
- Pode ser proposta pola Xunta de Avaliación, na avaliación inicial de curso, se o profesorado detecta dificultades lingüísticas, en algún alumno/a non proposto pola persoa titora do curso anterior.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, despois de informar á familia e solicitar a súa conformidade e autorización (anexo 3).

O alumnado con exención de francés recibirá reforzo en linguas nas dúas horas que lle correspondería asistir á clase de francés co seu grupo de referencia. No seu expediente constará como exento.

6.2.2.4. Programa de enriquecemento curricular

É unha medida que se poderá levar a cabo, se é o caso, co alumnado de altas capacidades intelectuais, para adaptar a metodoloxía e avaliación á necesidade específica de apoio educativo que presente.

6.2.2.5. Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas

É unha medida que se poderá aplicar ao alumnado que cumpra un dos seguintes requisitos:

- Alumnado de 1º de ESO que promocionase por lei.
- Alumnado repetidor de 1º ESO.
- Alumnado que promocioe a 2º ESO con algunha ou tódalas áreas instrumentais pendentes.
- Alumnado repetidor de 2º ESO.

Para aplicar esta medida deberemos seguir o contempnado na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

6.2.2.6. Programa de recuperación

É unha medida que se poderá aplicar co alumnado da ESO que promocioe sen superar algunha das materias, debendo matricularse delas, seguir os programas de reforzo que estableza o equipo docente e superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas.

Estes programas de recuperación basearanse nos mínimos esixibles do curso correspondente, tal e como contempra a Circular 8/2009 que regula algunhas medidas de atención á diversidade na ESO.

6.2.2.7. Programa específico personalizado

É unha medida que poderase aplicar ao alumnado repetidor da ESO, co obxecto de superar as dificultades indicadas pola persoa titora do curso anterior e tendo

en conta a información da avaliación inicial. Poderá así mesmo contemplarse a posibilidade de incorporación do alumnado de 1º e 2º ESO a un Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas ou a un Programa de recuperación.

Para aplicar esta medida deberemos seguir o contemplado na Circular 8/2009 referida nos apartados anteriores.

6.2.3. Adecuación da organización e xestión da aula

- A estrutura organizativa do grupo pretende atender á diversidade, respectando o criterio da persoa titora.
 - Combinar **traballo cooperativo, competitivo intergrupos e traballo individualizado**.
 - O traballo cooperativo realizarase a través de grupos heteroxéneos respectando: sexo, nivel de competencia curricular, alumnado con necesidades educativas especiais,).
 - **Titoría entre iguais**. Non é máis que un tipo de aprendizaxe cooperativo que consiste en formar parellas na que un dos membros (compañeiro/a axudado ou compañeiro/a menos capaz) é axudado polo lo outro membro da parella (compañeiro/a axudante ou compañeiro/a titor/a). Débese procurar que na actividade que se deseñe, ámbolos dous alumnos/as aprendan, concienciando así ao alumnado titor que ensinando aos seus compañeiros/as menos capaces, teñen a oportunidade de aprender.
- **Aprendizaxe por proxectos** e outras que promovan a inclusión.

6.2.4. Adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

Esta medida irá destinada ao alumnado que precisa adaptar estes elementos metodolóxicos para poder acceder ao currículo e/ou demostrar os seus coñecementos. Será **prioritaria** no alumnado con trastornos da linguaxe implicados na aprendizaxe da lectoescritura (**trastornos específicos da linguaxe, dislexia, etc**); **trastornos por déficit de atención e hiperactividade; discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais; altas capacidades; etc.**

Será levada a cabo polo profesorado na dinámica de aula, á proposta, se é o caso, do Departamento de Orientación.

6.2.5. Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

Na medida do posible, cada departamento incluírá na súa programación a súa aportación e participación aos proxectos de innovación educativa solicitados polo centro, así como, nos programas e actividades organizadas por outros departamentos didácticos.

6.2.5.1. No Plan de Acción Titorial e no Plan de Convivencia

A través destes plans establécense as medidas de actuación destinadas á mellora da convivencia no noso centro, desenvolvéndose fundamentalmente a través da acción orientadora e titorial (acollida ao alumnado de nova incorporación, recollida de información, coordinación docente e avaliación, convivencia e contidos transversais, relación centro-familia).

6.2.5.2. Programa de habilidades sociais.

Aínda que formando parte das medidas preventivas contempamos un Programa de Habilidades Sociais para primaria e secundaria, pode que en algún caso precisemos implementar un Programa de Habilidades Sociais específico como medida reeducativa para o alumnado que presente condutas disruptivas. Serán elaborados polo Departamento de Orientación e incluídos no Plan de Acción Titorial. Serán desenvolvidos pola persoa titora do nivel educativo que corresponda coa colaboración do Departamento de Orientación.

6.2.5.3. Contratos programa:

“Con-vive”: Trátase de promover a sensibilización de toda a comunidade educativa nos valores educativos, sociais e culturais que favorezan a convivencia e a cultura da paz. Poderanse desenvolver accións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida, promover a conciliación ou mediación escolar, traballar na xestión de conflitos ou na mellora da intelixencia emocional.

“Inclúe- T”:

Permite desenvolver medidas que fomenten a inclusión no centro con respecto aos seguintes aspectos: Atención á diversidade; Inclusión educativa do alumnado; Colaboración con asociacións centradas na diversidade funcional; Fomento de patios inclusivos; Dinámicas de traballo cooperativo; Escolas de Pais-Nais, etc.

6.2.5.4. Plan Director para a mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros:

A través deste Plan preténdese formar, sensibilizar e dar visibilidade á comunidade educativa ante a non discriminación e no respecto á diferenza, á igualdade entre homes e mulleres, ante os riscos das novas tecnoloxías”, etc.

6.2.5.5. Aula de atención educativa e convivencia

En caso necesario e contando co espazo e recursos humanos necesarios poderíase crear un aula destinada á atención educativa e convivencia.

6.3. Medidas extraordinarias

O artigo 9º do **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia, recolle as medidas extraordinarias de atención á diversidade, co obxecto de dar resposta ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios esenciais no ámbito organizativo, ou de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas ou insuficientes as medidas ordinarias. Requiren autorización da dirección do centro, do Servicio de Inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e de ser o caso, con informe xustificativo do Departamento de orientación ou do E.O.E.

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son as seguintes:

6.3.1. Adaptación curricular

É unha medida de atención á diversidade que podemos levar a cabo co alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo e que xa esgotou as

medidas ordinarias existentes ou estas resultaron insuficientes. Consiste en introducir modificacións significativas (reducir, suprimir, modificar, complementar ou ampliar) nos elementos prescritivos do currículo ordinario. Esta medida pode afectar a unha, a varias ou a tódalas áreas do currículo. No seu deseño tomarase como referencia o currículo do nivel educativo no que o/a alumno/a se atopa. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesorado que imparte a/as área/s ou materia/as ao alumno/a, coa colaboración do Departamento Didáctico correspondente, do/a profesor/a de apoio, e co asesoramento do Departamento de Orientación. Será deseñada para un curso académico. A cualificación e promoción tomará como referencia os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e os criterios de cualificación e promoción contemplados na súa ACS. A nivel de titulación tomaranse como referencia os mesmos criterios de titulación que para o resto do alumnado.

Necesita autorización da Inspección Educativa, reflectirase como AC no expediente académico do alumno/a e no informe á familia. A AC revisarase periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso.

Criterios que debe de cumprir o alumnado para poder ser obxecto dunha ACS:

- 1.- Ter aplicado previamente medidas de reforzo, e que estas a pesares de ser satisfactorias, resultasen insuficientes.
- 2.- O/a alumno/a amosa interese polo traballo académico, afán por superarse e desexos de continuar progresando na escolaridade.
- 3.- O/a alumno/a presenta un desfase mínimo dun curso na competencia curricular.
- 4.- Compromiso da familia para participar no desenvolvemento da ACS, e disposición para colaborar no traballo co alumno/a.

6.3.2. Agrupamentos flexibles

É unha medida que consiste en realizar desdobramentos transitorios co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel cun atraso académico xeneralizado para constituír grupos específicos nunha ou varias materias. A intención desta medida organizativa é dar apoio ao alumnado escolarizado fundamentalmente nos

primeiros cursos de ESO, con dificultades de aprendizaxe ou que non acadaron os obxectivos mínimos do curso e cando se considere que esta medida pode resultar apropiada para garantir a eficacia da repetición ou despois de promocionar con materias pendentes e/ou dificultades sen superar. Normalmente trátase de alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas materias que reclaman unha atención máis individualizada ben, polo seu carácter instrumental necesario para seguir aprendendo, como é o caso das **matemáticas** e as **linguas**, ben, polo seu peso conceptual (**ciencias sociais** e **ciencias da natureza**).

Terá carácter de Reforzo Educativo e a súa flexibilidade permite que un alumno/a regrese co grupo ordinario de referencia en canto supere as dificultades. Tamén pode incorporarse alumnado ao agrupamento en calquera momento cando se considere por parte do equipo docente que esta é unha medida apropiada e despois de seguir todo o protocolo de incorporación ao mesmo. O alumnado poderá permanecer no agrupamento flexible unicamente parte do horario semanal. En todo caso, o alumno/a pertence para todos os efectos a un grupo ordinario de referencia. Cando a organización do centro o permita, é recomendable que o profesorado do agrupamento imparta docencia nos grupos de referencia.

Alumnado destinatario:

- Alumnado escolarizado fundamentalmente nos primeiros cursos de ESO que presentan un atraso académico xeneralizado, con dificultades de aprendizaxe e que recibiron ou reciben outras medidas ordinarias de atención insuficientes para superar o seu atraso a pesar do aproveitamento das mesmas.
- Alumnado que non alcanzou os obxectivos e competencias básicas de diversas materias en 1º e 2º de ESO e que esta medida organizativa de atención a diversidade se considere esencial para garantir a eficacia da súa permanencia de un ano máis no curso ou porque promociona con materias pendentes ou por lei de Primaria á ESO ou de primeiro a 2º curso de ESO.

- Alumnado menor de 16 anos escolarizado en 3º de ESO e, excepcionalmente, para aqueles que, aínda tendo 16 anos, se considere esta medida máis apropiada que a incorporación a un programa de formación profesional básica.

Cómpre ter en conta que esta medida non se pode implementar no noso centro dadas as seguintes características:

- **A maioría dos departamentos son unipersoais.**
- **Non sempre hai máis dun grupo clase por nivel educativo.**

6.3.3. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe

Na orde do 6/10/95 promúlgase que as medidas de reforzo levaranse a cabo no contexto ordinario e polo profesor/a da área en colaboración con outros profesionais.

Por tanto, esta medida será levada a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria, aínda que tamén pode ser aplicada na aula de apoio se a necesidade específica de apoio educativo, que presenta o/a alumno/a, así o require.

- **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo de carácter permanente.**

Para este alumnado, esta decisión tomarase por consenso entre a orientadora, o profesor/a de P.T. e o profesorado de área que corresponda; oídos o pai/ nai ou titor/a legal (deberán asinar o documento do anexo 3) co visto e praxe da dirección do centro. Será necesario Informe Psicopedagóxico e non poderá exceder a terceira parte da xornada escolar.

- **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo de carácter temporal.**

Esta decisión tomarase por consenso entre o/a orientador/a, o especialista de P.T. e o profesorado de área que corresponda; oídos o pai/nai ou titor/a legal (deberán asinar o documento do anexo 3) e co visto e praxe da dirección do centro. Non será necesario Informe Psicopedagóxico.

Cómpre ter en conta que esta medida non se pode implementar no noso centro dadas as seguintes características:

- **Non dispoñemos de profesores de Audición e Linguaxe nin de Pedagogía Terapéutica.**

6.3.4. Flexibilización da duración do período de escolarización

Esta medida, que poderá aumentarse ou reducirse nun ano con respecto ao establecido con carácter xeral, irá dirixida ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo diagnosticado de necesidades educativas especiais ou de altas capacidades intelectuais. En ningún dos casos poderá permanecer no ensino básico máis alá do ano natural no que se cumpran os vinte anos de idade nin comezar a ESO antes do ano natural no que se cumpran os dez anos.

6.3.5. Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento

Esta medida de atención á diversidade vai dirixida preferentemente ao alumnado con **dificultades relevantes de aprendizaxe non derivadas da falta de estudo ou esforzo, que se atope nalgunha das seguintes situacións:**

– Alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.

– Alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

– Alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

– Con carácter excepcional, alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

Preténdese que a través destes programas o alumnado poida promocionar e cursar cuarto pola vía ordinaria e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

A incorporación a ditos programas require previamente oír aos pais e aos propios alumnos-as ademais de realizar unha avaliación educativa e psicopedagóxica e emitir un informe do equipo docente e un ditame do Departamento de Orientación.

6.3.6. Formación profesional básica

Teremos en conta esta medida como opción que facilite a incorporación ao mundo laboral do alumnado de ESO, que presenta dificultades na adquisición das competencias necesarias para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.

6.3.7. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo

Segundo o Artigo 25 do D 229/2011, a atención educativa hospitalaria e domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será **destinatario de atención educativa hospitalaria** o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, **nalguna das seguintes situacións:**

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será **destinatario de atención educativa domiciliaria** o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos **que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.**

Igualmente, será obxecto desta atención **o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.**

A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Administración educativa, de acordo co procedemento que se estableza.

A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

6.3.8. Medidas específicas para o alumnado procedente do estranxeiro

Con carácter xeral e, para determinar as necesidades educativas do alumnado que proceda do estranxeiro, realizaríase unha avaliación inicial, no momento da súa incorporación. Para isto teríamos en conta o disposto nos artigos 13º e 17º da Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003).

Poderíanse organizar **Grupos de adquisición das linguas e/ou Grupos de adaptación da competencia curricular** de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.
- Desfase curricular significativo.
- Graves dificultades de adaptación.

De non poder levar a cabo ditas medidas, adoptaríanse outras que poideran así mesmo, dar resposta ás necesidades do alumno/a, tendo en conta o contemplado no informe do Departamento de Orientación.

7.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

7.1. Criterios para a formación dos grupos-clases (distribuir a heteroxeneidade)

7.1.1. Primeiro e segundo de ESO

- Nivel de competencia curricular.
- Alumnado repetidor.
- Exencións de Francés.
- Desdoblamento de grupos.
- Alumnado que precisa adaptacións non significativas (dificultades de aprendizaxe, retraso escolar...).
- Alumnado con **necesidades educativas especiais** asociadas a discapacidade intelectual, física ou sensorial, trastornos graves de conducta, trastorno por déficit de atención e hiperactividade e sobredotación intelectual.
- Alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
- Conduta disruptiva e absentismo.
- Alumnado con ACS

- Relixión ou alternativa.
- Agrupamentos flexibles.
- Outras: sexo, raza, relixión, etc.

7.1.2. Terceiro e cuarto de ESO

- Procurarase manter a heteroxeneidade do alumnado en canto a sexo, raza, relixión,..., elección de materias de opción e/ou itinerarios educativos, alumnado repetidor, problemas de conduta, dificultades nas áreas instrumentais, outras medidas implementadas no centro.

7.2. Criterios para traballar as áreas instrumentais

7.2.1. En primeiro e segundo de ESO

- Desdobres ou se a organización do centro o permite, agrupamentos específicos nas materias de matemáticas e linguas.
- Reforzos das aprendizaxes instrumentais, fundamentalmente das linguas, nas hora de Francés.
- Alumnado seleccionado para recibir apoio educativo fóra da aula.

7.2.2. En terceiro de ESO

- Posibilidade de Agrupamento flexible e/ou desdobramentos, se a organización do centro o permite.

7.2.3. En cuarto de ESO

- Posibilidade de Agrupamento flexible e/ou desdobramentos, se a organización do centro o permite.

7.3. Criterios para acceder ás medidas de atención á diversidade

Na organización dos grupos de apoio seguiremos os seguintes criterios:

- Cada grupo de apoio non deberá ser superior aos cinco alumnos/as.

- En casos de ACS poderán sair á aula de apoio nas áreas instrumentais básicas **obxecto de ACS** (Linguas castelá e L, Lingua galega e Literatura; Matemáticas).
- O número de sesións semanais na aula de apoio serán as que se establezan no Informe Psicopedagóxico ou, no seu caso, no Informe Individualizado, pero sempre que non contradiga a normativa vixente.
- Será requisito para a incorporación do alumnado á aula de apoio, a cumplimentación por parte da persoa titora da Folla de derivación ao Departamento de orientación (Anexo 2). Unha vez analizada a información contemplada neste documento, o Departamento de Orientación valorará a necesidade de avaliación psicopedagóxica e, en todo caso, fará a proposta de intervención que considere máis axeitada.

8.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Tal como consta no artigo 38 do D 229/2011:

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os criterios prioritarios para a optimización dos recursos humanos na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Os centros educativos contarán cos profesionais especializados necesarios para atender as necesidades do seu alumnado. Entre eses profesionais inclúese o profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe que se estableza de acordo co número de unidades.
3. No caso dos centros en que o reducido número de unidades non supoña a provisión de profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe nos seus catálogos de postos de traballo, así como naqueles centros en que a dotación dese profesorado non abonde para atender as necesidades educativas do alumnado, a consellería con competencias en materia de educación realizará dotacións excepcionais de profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe de acordo co número de alumnado con necesidades

educativas especiais, identificado polos servizos de Orientación, e co informe do Servizo de Inspección. Ao profesorado de apoio correspondente a estas dotacións excepcionais poderáselle encomendar a atención doutros centros, en réxime de itinerancia.

4. A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación da persoa titora do alumnado e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

Segundo o Artigo 39 do Decreto 229/2011, os centros docentes, dentro da súa autonomía organizativa, pedagóxica e de xestión, distribuirán e optimizarán os seus recursos segundo a súa planificación educativa e o seu Plan Xeral de Atención á Diversidade.

8.1. Persoa titora

Cumplimentación por parte da persoa titora da Folla de derivación ao Departamento de Orientación **para a incorporación do alumnado á aula de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.**

8.2. Profesorado de área/ materia

- Terase en conta que paralelamente á area de Francés deberáanse levar a cabo reforzos das aprendizaxes instrumentais.
- Na distribución horaria do profesorado despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da súa especialidade e materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritario a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.

8.3. Membros do Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación pode intervir nas decisións educativas de alumnado con NEE de dúas maneiras:

1.- Por iniciativa do propio D.O. cando se detecten NEE a través da análise do expediente académico do alumno/a, no desenvolvemento de actividades programadas polo DO, nas avaliacións iniciais ou a través de programas de detección de NEE.

2.- Por iniciativa do profesorado de área, do titor ou do equipo docente. Neste caso a demanda canalizarase a través do titor/a ou do propio profesor/a da área correspondente que deba cumprimentar unha folla de derivación

A colaboración do profesor/a de PT será programada en función das necesidades do Centro e de cada aula.

8.3.1. Orientador/a

A/O orientadora/or, en colaboración coa persoa titora e si é necesario co profesorado implicado na educación do alumno/a, realizará a avaliación psicopedagóxica de tódolos alumnos/as que presenten NEE. A partir desta valoración (nunha reunión conxunta: Xefe de Estudos, Orientador, Titor e Profesores das áreas) decidírase a medida máis adecuada para este/a alumno/a.

8.3.2. Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe

A colaboración dos mestres/as especialistas en PT na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo terá as seguintes características:

As medidas de apoio irán dende as máis xerais ás máis particulares.

8.3.2.1. Apoio indirecto:

- Apoio no deseño de unidades didácticas que permitan atender á diversidade de alumnado da aula. Asesoramento sobre as medidas xerais de atención á diversidade.
- Apoio no deseño de medidas específicas de atención ao alumnado con NEE (Reforzo Educativo, A.C.S.).

- Adaptación de materiais. Adaptacións dos materiais de aula ás necesidades educativas do alumnado con NEE.

8.3.2.2. Apoio directo:

- É unha labor de apoio que **non pode substituír en ningún caso á responsabilidade do profesor ou profesora.**
- Realizarase **preferentemente dentro da aula ordinaria** e estará orientada a que todo o alumnado participe no grao máis alto posible nas actividades ordinarias de ensino-aprendizaxe.
- Programará xunto co profesor/a de área as actividades de apoio directo en algunha destas formas:
 - Colaborar na atención educativa en agrupamentos flexibles.
 - Colaboración na atención xeral ás actividades da aula.
 - Atención a grupos de alumnado que presenten algunha dificultade, sexan ou non considerados de NEE.
- **Realizar as actividades programadas co alumnado de NEE fóra da aula.** Cando as necesidades educativas dun alumno/a lle impidan participar aínda que sexa nun grao mínimo das actividades da aula ordinaria nunha ou varias áreas, poderán programarse sesións de apoio individual ou en pequeno grupo fóra da súa aula ordinaria.

8.3.3. Mestre/a especialista de Audición e Linguaxe

Ademais da atención docente directa e especializada que lle corresponda prestar ó alumnado en función das súas necesidades, o profesor/a de A.L. desenvolverá as seguintes funcións:

- Participará na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando sexa necesario, en aquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborará na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo e de aquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

- Orientará ó profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Prestará atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, prestarase no grupo no que está integrado.
- Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

9.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

Segundo o Artigo 40 do D. 229/2011, a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

O Artigo 41 do mesmo decreto establece que, promoverase a coordinación e colaboración entre os diferentes centros educativos, especialmente entre os centros que atenden unha mesma alumna ou alumno.

A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do Departamento de Orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade deberá especificar os **mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados**, sendo estes os seguintes:

9.1. Coordinación cos centros adscritos

- No mes de xuño realizamos unha xuntanza cos responsables da orientación dos centros adscritos, xunto coas persoas titoras do alumnado

de 6º de EP para intercambiar información do alumnado que remata etapa e inicia 1º de ESO no noso centro, especialmente do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Organización dunha Xornada de acollida ao alumnado de 6º EP e familias dos centros adscritos, que se levará a cabo conxuntamente entre Equipo Directivo, Departamento de Orientación e Departamento de Educación Física.

9.2. Coordinación con outros centros que imparten outras etapas educativas

- Dende o Departamento de Orientación e a través da Semana da Orientación organízanse sesións informativas coa colaboración do Departamento de Orientación e/ou Equipos Directivos dos diversos centros educativos da zona para que o alumnado coñeza as diferentes modalidades educativas que se ofertan.
- En xuño e setembro o Departamento de Orientación realiza un intercambio de información co Departamento de Orientación do centro de destino do alumnado con NEE.

9.3. Coordinación entre centro ordinario e centro de educación especial en caso de escolarización combinada ou de cambio de escolarización.

- Realizaríanse reunións de seguimento entre persoa titora, membros do D.O. de ámbolos dous centros e terapeutas, segundo o caso.
- Reunións de intercambio de información, coordinación e difusión de boas estratexias e pautas de actuación, etc.
- Traspaso de expedientes.

10.- CANLES DE COLABORACIÓN COS PAÍS-NAIS OU TITORES/AS LEGAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS

10.1. Canles de colaboración cos país-nais ou titores/as legais

Segundo o artigo 42 do D.229/2011 as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos do alumnado.

Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos documentos de organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollese actuacións destinadas a esta finalidade.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Os centros docentes promoverán a posta en marcha de programas familia-escola e/ ou das medidas que correspondan para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros.

Así, dende o noso centro, promóvense as seguintes actuacións:

10.1.1. Colaboración no proceso de avaliación do alumnado

10.1.1.1. Colaboración no proceso de avaliación inicial

Esta colaboración é fundamental e será solicitada polo profesorado titor ou polo Departamento de Orientación en calquera caso en que se considere necesario pero, sobre todo nestes momentos:

- **A inicios da escolarización (Incorporación ao 4º nivel E. Infantil)**

A persoa titora responsabilizarase de realizar unha entrevista individualizada con cada pai-nai de cada un dos alumnos/as da súa titoría. Nesa sesión aplicarase un **Cuestionario Familiar de Inicio da Escolarización (Anexo 1)**

- **A inicios de Educación Secundaria Obrigatoria**

Será a persoa titora a encargada de realizar unha **entrevista inicial** co pai/nai ou titor-a legal de cada un dos alumnos/as da súa titoría, na cal recolle información de carácter xeral, incidindo en datos salientables con respecto aos seguintes aspectos (datos físicos e de saúde, datos psicosociais, datos do contorno sociofamiliar, expectativas, etc). No caso de alumnado con Necesidades Educativas Especiais colaborará o Departamento de Orientación na recollida de información e asesoramento específico.

- **En outros casos en que un alumno/a se matricule por primeira vez no centro.**

10.1.1.2. Colaboración no proceso de avaliación psicopedagóxica

Será o/a xefe/a do Departamento de orientación coa colaboración da persoa titora a encargada de realizar unha **entrevista** co pai/nai ou titor-a legal do alumno/a. Os aspectos que se abordarán serán os seguintes:

- **Recollida de información:** datos físicos e de saúde, datos psicosociais, datos do contorno sociofamiliar, entre outros.
- **Información da necesidade de valoración psicopedagóxica.**
- **Recollida por escrito da conformidade de valoración psicopedagóxica.**

10.1.1.3. Colaboración no seguimento do proceso de Ensino-Aprendizaxe

Esta colaboración é fundamental e será solicitada pola persoa titora e de ser o caso solicitarase a intervención do Departamento de Orientación. Realizarase ao longo do curso en diferentes momentos, coa finalidade de intercambiar información, asesorar e solicitar colaboración no proceso educativo do fillo/a (control de estudo e traballo, motivación, estimulación, etc).

10.1.2. Escola de Pais-Nais

A través de Contratos Programa e dentro do **espazo “Inclúe- T”** desenvólvense, entre outras actuacións, a Escola de Pais-Nais.

Coa colaboración do CAFI e do Departamento de Orientación potenciamos a Escola de Pais-Nais. Para isto, no mes de setembro realízase unha selección de temáticas, na que pedimos colaboración á ANPA e sae seleccionado un tema por trimestre, que se desenvolverá nunha sesión de 100 minutos aproximadamente. Polo xeral, é o CAFI o que se encarga de contactar co poñente.

Ademais destas tres sesións, seleccionamos unha ou dúas máis por trimestre, impartidas polo Departamento de Orientación e/ou por outros organismos externos.

10.1.3. Actuacións de acollida

A través de Contratos Programa e dentro do **espazo “Con-vive”**, desenvólvense, entre outras, **actuacións de acollida** tanto ao alumnado como ás familias.

- **Acollida ás familias do alumnado de 3 anos**

Esta actuación desenvólvese no mes de xuño cos pais-nais do alumnado de incorporación ao centro no mes de setembro do seguinte curso académico.

Ten unha dobre finalidade: presentación e información inicial.

Nesta actuación participan: persoa titora ou no seu caso un mestre/a da etapa de E. Infantil, Director/a e Xefe/a do Departamento de Orientación.

- **Xornada de acollida ás familias e ó alumnado de nova incorporación a 1º de ESO**

Desenvólvese no mes de xuño co alumnado de 6º de primaria dos centros adscritos (CEIP Plurilingüe de Pino de Val e CEIP de San Cosme de Antes) e as súas familias. É unha xornada de portas abertas na que se realiza unha presentación xeral do centro pero sobre todo preténdese que familias e alumnado se coñezan entre si. Nesta actuación participan: alumnado de 6º de cada centro, familias, persoas titoras de cada grupo clase, membros de dirección e orientación de cada centro educativo.

○ **Reunións iniciais de pais-nais e persoa titora**

Organízanse, en E. Primaria e E.S.O coa persoa titora correspondente, na que tamén colaboran o Equipo directivo e o Departamento de Orientación. Esta actuación desenvólvese no mes de outubro e nela preséntase ademais da persoa titora, o Equipo de profesorado, o Equipo Directivo e os membros do Departamento de Orientación.

En E. Infantil esta reunión tamén se celebra pero nela participa só a persoa titora cos pais-nais.

10.1.4. Biblioteca escolar aberta aos pais-nais

As familias ó igual que o alumnado conta con Servizo de Biblioteca.

10.2. Canles de colaboración cos diferentes servizos externos

Na coordinación con organismos, entidades, asociacións e profesionais con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, seguiremos, se é o caso, os protocolos de actuación que establece a Consellería de Educación de cara a ter un marco común de actuación, como son:

- Protocolos de derivación e seguimento psicopedagóxico para a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil na provincia da Coruña (USM-IX).
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Insterinstitucional en Atención Temperá.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

11.-PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

11.1. Protocolo para a asistencia á aula de apoio ou á aula de Audición e Linguaxe

- **Valoración pola xefatura do departamento de orientación**

Previamente á asistencia á aula de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe, o alumno/a **debe ser valorado** polo Departamento de Orientación e **determinada a necesidade dunha atención individualizada e especializada** por parte da profesora especialista de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe.

- **Prioridade na atención ao alumnado**

A atención nestas aulas especializadas será prioritaria para o alumnado con adaptacións curriculares.

- **Normativa vixente**

Esta atención realizarase conforme ao que determine a lexislación pero fundamentalmente será individual ou nun pequeno grupo de alumnado con similares características.

- **Información e autorización do pai/nai ou titor/a legal**

O pai/nai ou titor/a legal será informado previamente ao que se lle solicitará autorización escrita, utilizando o anexo 3.

11.2. Protocolo para a solicitude e autorización de Adaptacións curriculares significativas

○ Avaliación diagnóstica

Será realizada polo orientador/a coa achega de información de todos os profesionais implicados.

○ Reunión coordinada pola xefatura de estudos

Asistirán a persoa titora, profesorado das materias obxecto de adaptación e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da ACs, así como aqueles elementos do currículo que deberán ser modificados. Empregarase o modelo do Anexo 6

○ Información á familia e autorización

A familia será informada da decisión de elaboración de ACS e solicitarase autorización para levar a cabo a devandita medida. Anexo 5

○ Elaboración da adaptación curricular

Será elaborada por parte do profesorado das materias obxecto de adaptación, coa colaboración e asesoramento do D de orientación, se así o precisa.

○ Elaboración do documento de adaptación curricular

O xefe do departamento de orientación elabora o documento de adaptación curricular, no que recolle os datos máis salientables da avaliación diagnóstica, no que consignará os seguintes datos:

- ✓ Datos persoais do alumno/a
- ✓ Datos físicos e de saúde
- ✓ Datos psicosociais
- ✓ Datos do contorno sociofamiliar
- ✓ Datos do contexto escolar
- ✓ Datos pedagóxicos

✓ Profesionais participantes

○ **Emisión da proposta de AC**

A dirección do centro emite a proposta de AC á inspección educativa.

○ **Recepción de Informe de autorización de ACS**

O centro deberá recibir un Informe de autorización da ACS por parte do Inspector/a correspondente, para poder desenvolver e avaliar ao alumno/a conforme a ACS elaborada.

A avaliación diagnóstica, o documento de AC e o informe da inspección formarán parte do expediente do alumno/a e terá carácter confidencial.

○ **Avaliación do alumno/a con ACS**

A avaliación e promoción do alumno/a farase segundo os criterios de avaliación da AC. Para a titulación o alumno/a deberá ter acadados os obxectivos da etapa correspondente.

A AC reflectirase no expediente académico do alumno/a, no informe á familia e no libro de escolaridade.

○ **Revisión da ACS**

- As ACs revisaranse polo menos unha vez ao remate do curso.

Deberase solicitar prórroga da AC ao Inspector/a correspondente se ao final de curso o alumno/a non acada os criterios de avaliación contemplados nela. As modificacións significativas requirirán unha nova autorización de Inspección.

11.3. Protocolo para a solicitude e autorización de Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)

Os requisitos de acceso dun alumno/a a un PMAR serán os contemplados na normativa vixente, recollidos no apartado 6.3.5 deste documento.

No caso de incorporación dun alumno/a ao devandito programa, seguirase o seguinte proceso:

- **Informe da persoa titora**

A persoa titora elaborará un informe tendo en conta a proposta razoada do equipo de profesores/as do grupo do alumno/a unha vez realizada a avaliación extraordinaria de setembro.

- **Informe do Departamento de Orientación**

O xefe/a do Departamento de Orientación elaborará un informe no que sintetice os datos máis salientables da avaliación psicopedagóxica realizada.

- **Opinión do pai/nai ou titor/a legal**

Quedarán constancia escrita da opinión dos pais, nais ou tutores/as legais.

- **Valoración da comisión e proposta ao director/a**

Unha comisión formada polo xefe/a de estudos, a persoa titora do alumno/a e o xefe/a do Departamento de Orientación valorará os informes emitidos e a opinión da familia, realizando unha proposta ao director/a do centro sobre a incorporación do alumno/a ao programa.

- **Proposta ao servizo provincial de Inspección**

O director/a do centro elevará a Solicitud de proposta ao Servizo Provincial de Inspección Educativa. A solicitude incluírá a relación do alumando proposto e a relación do profesorado que vai impartir cada ámbito do programa.

- **Autorización do Servizo Provincial de Inspección Educativa**

Emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e rendemento que cumpran o requisitos establecidos.

11.4. Protocolo na proposta de Incorporación á Formación Profesional Básica

11.4.1. Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea para acceder á oferta obrigatoria de FP Básica

- Ser proposto/a polo equipo docente ao pai/nai ou titor/a legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete anos no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.
- Ter cursado o 1º ciclo de ESO (3º ESO) ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de ESO.
- O Equipo docente poderá propoñer a incorporación de alumnado de 17 anos ou que os cumpra no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

11.4.2. Procedemento a seguir na proposta de incorporación a FPB

- **Reunión entre o Equipo docente e xefe/a do Departamento de Orientación**

O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha **relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica**, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe/a do departamento de orientación.

- **Elaboración do Consello orientador**

A/s persoa/s titora/s elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador segundo o modelo establecido na lexislación, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no que se fará constar:

- O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
- Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a se integre nun ciclo formativo de formación profesional básica.

O consello orientador emitírase por duplicado e irá asinado pola persoa titora do alumno ou da alumna, en nome do equipo docente, o Xefe/a do Departamento de Orientación e do/a Director/a.

- **Comunicación ao pai/nai ou titor/a legal e autorización**

A dirección do centro comunicarlles ao pai, á nai ou ao titor/a legal do alumno/a que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no que, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas. O departamento de orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.

- **Inclusión no expediente do consello orientador e do consentimento da familia**

Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluírase no expediente académico.

11.5. Protocolo para a solicitude e autorización da flexibilización da duración do período de escolarización

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario pero será imprescindible constatar a aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas para dar resposta ás súas necesidades.

As flexibilizacións que se realicen axustaranse ao contemplado na *Orde do 27 de decembro de 2002*, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais aínda que, cómpre matizar que con respecto ás flexibilizacións do alumnado de altas capacidades deberemos axustarnos ao disposto na *Orde do 28 de outubro de 1996*, agás no relativo aos prazos de presentación de solicitudes, que se corresponderán cos establecidos na *Orde do 27 de decembro de 2002*.

- **Prazos para as solicitudes de flexibilización**

Para presentar solicitude de flexibilización da duración do período de escolarización dun alumno/a con necesidades educativas especiais, seguiremos os prazos recollidos no artigo 31º da *Orde do 27 de decembro de 2002* que, de maneira resumida son os seguintes:

Nas modalidades de ensino que non contén con avaliación extraordinaria no mes de setembro, o prazo para presenta-las solicitudes de flexibilización **será o mes de abril**.

Nas modalidades de ensino que contén con avaliación extraordinaria no mes de setembro (ESO), a solicitude de flexibilización farase **no mes de setembro**, coincidindo co correspondente prazo de matrícula, debendo remitila a dirección do centro á delegación provincial nos sete días naturais seguintes.

- **Rexistro no expediente académico das flexibilizacións do período de escolarización**

As medidas de flexibilización do alumno/a consignaranse, incluída a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno/a.

11.5.1. Procedemento xeral para solicitar e autorizar a flexibilización do alumnado con necesidades educativas especiais

- **Informe do Departamento de Orientación**

O xefe/a do Departamento de Orientación elaborará un informe no que xustifique a necesidade da medida.

- **Conformidade expresa dos pais ou titores legais** do alumno/a, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é.

Quedarán constancia escrita da conformidade dos pais, nais ou titores/as legais da flexibilización.

- **Elaboración da proposta de adaptación do currículo**

Será elaborada por parte do profesorado coa colaboración e asesoramento do D. de orientación, se así o precisa.

- **Presentación da solicitude na Delegación Provincial**

Será a Dirección do centro quen se encargue de realizar este trámite. Esta solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- ✓ Informe do departamento de orientación
- ✓ Conformidade expresa dos pais ou titores legais
- ✓ Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións, se procede, ou certificación académica.
- ✓ Proposta de adaptación do currículo.

A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.

Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, poderase requirir ó equipo de

orientación específico dependente da delegación provincial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.

11.5.2. Procedemento para solicitar e autorizar a flexibilización do alumnado de altas capacidades

- **Elaboración de Informe psicopedagógico do alumno/a.**

realizado polo Departamento de Orientación en colaboración co EOE.

- **Elaboración de informe da persoa titora** que imparte ou impartiu docencia ao alumno/a.

- **Conformidade dos pais ou titores legais respecto ao adianto de curso.**

Informarase aos pais ou titores legais da medida de flexibilización e solicitarase por escrito a conformidade de adianto de curso.

- **Elaboración da proposta de adaptación do currículo.**

Será elaborada polo profesorado coa colaboración e asesoramento do D de orientación, se así o precisa. Esa proposta debe recoller os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que se propoñen, así como as opcións metodolóxicas que se consideren adecuadas, entre as que se recollerán as decisións relativas ao agrupamento, aos materiais e á distribución de espazos e tempos.

- **Presentación da solicitude de flexibilización**

Será a Dirección do centro quen se encargue de realizar este trámite, enviando ao inspector/a de educación que lle corresponda, a solicitude de flexibilización do período de escolarización, que deberá incluí-la seguinte documentación:

- ✓ Informe da persoa titora
- ✓ Informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica.
- ✓ A proposta de adaptación do currículo
- ✓ A conformidade dos pais ou titores legais respecto ao adianto de curso.

- **Informe de Inspección educativa**

A inspección educativa elaborará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibiliza-lo período de escolarización, así como das medidas de adaptación curricular que a acompañan.

- **Resolución final**

A delegación provincial correspondente remitiralle a documentación ao director xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, quen resolverá no prazo dun mes e enviará comunicación á delegación provincial e á dirección do centro para o seu traslado ós interesados, de xeito que o alumno poida ser adecuadamente escolarizado.

11.6. Protocolo para a solicitude e autorización de atención educativa hospitalaria e domiciliaria

Para dar unha resposta educativa ao alumnado que por prescripción médica non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado, debido a enfermidade ou lesión, seguiríamos en liñas xerais o seguinte procedemento, que poderá consultarse en toda a súa extensión no Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo da Xunta de Galicia:

- **Presentación da solicitude por parte da familia**

Inicialmente, será a familia quen presente a solicitude de incorporación do alumno/a ao programa de Atención Educativa ante a Dirección do centro, acompañado do correspondente informe médico empregando para isto os anexos I e II respectivamente do Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.

- **Elaboración dun informe da persoa titora**

Empregarase para tal fin o anexo III do devandito protocolo no cal deben constar os seguintes aspectos: resultados das avaliacións parciais do alumno/a, medidas de atención á diversidade aplicadas se é o caso, e outras información que se consideren relevantes. No caso de alumnado con

necesidade específica de apoio educativo, xuntarase un informe psicopedagóxico do Departamento de Orientación.

- **Traslado da solicitude á Xefatura Territorial**

Os documentos referidos serán enviados pola Dirección do centro á Xefatura Territorial xunto co anexo IV do protocolo, nun prazo máximo de cinco días lectivos dende a recepción da solicitude da familia.

- **Resolución sobre a solicitude**

Tras o informe do Servizo de Inspección Educativa, a Xefatura Territorial resolverá dita solicitude.

- **Elaboración do Programa individualizado de atención educativa domiciliaria**

O profesorado da atención educativa domiciliaria elaborará o programa individualizado (anexo V) que se vai desenvolver durante o período de convalecencia a partir da programación do curso, facilitada polo profesorado e en coordinación con este e co Departamento de Orientación.

- **Seguimento do desenvolvemento do alumno/a durante o período de convalecencia**

O profesorado que realice a atención domiciliaria informará ao centro docente do alumno/a do desenvolvemento desta atención, elaborando como mínimo un informe mensual e/ou previo a cada avaliación. Informará tamén á familia sobre o proceso, potenciando a súa implicación e colaboración. Así mesmo deberá cubrir unha folla de rexistro semanal de incidencias (anexo VII do protocolo) que entregará á xefatura de estudos do centro.

A familia colaborará co centro e co profesorado asignado para conseguir que o fillo/a acade as aprendizaxes previstas e asinarán o anexo VIII do protocolo.

Ao remate da atención educativa o profesorado que levou a cabo a atención domiciliaria entregará ao centro docente un informe final (anexo VI do protocolo).

○ **Avaliación do alumno/a**

A avaliación, promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do noso centro.

Os anexos do Protocolo de atención educativa e domiciliaria aos que facemos referencia, son os seguintes:

Anexo I: Solicitud da familia co compromiso de apoio á atención.

Anexo II: Modelo orientación de informe médico.

Anexo III: Traslado da solicitude por parte da dirección do centro á Xefatura Territorial.

Anexo IV: Informe da situación académica do alumno/a.

Anexo V: Elementos que debe conter o Programa Individualizado.

Anexo VI: Informe final de seguimento.

Anexo VII: Modelo de folla rexistro semanal de incidencias.

Anexo VIII: Acordo de atención educativa domiciliaria coa familia.

11.7. Protocolo para a solicitude e autorización de medidas específicas para alumnado procedente do estranxeiro

Seguiríamos as condicións reguladas na Orde do 20 de febrero de 2004 (DOG do 26 de febrero de 2004), de darse o caso recollido no punto 6.3.8. deste documento. Poderemos empregar como documentos de recollida de información os modelos a modo de formularios recollidos como anexos en “*Documentos*”

frecuentes de uso académico-administrativo” publicados pola Consellería de Educación e recollidos no anexo 9 do Plan de Atención á Diversidade.

En liñas xerais son:

- **Avaliación inicial do alumnado**

Realizarase no momento de incorporación do alumno/a. De se-lo caso, o Departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica correspondente. Solicitaríase información á familia, incidindo fundamentalmente nos seguintes aspectos: datos persoais e familiares, datos de saúde, escolarización previa, linguas, tempo que pensan permanecer no país, etc.

- **Información e asesoramento á familia**

Inicialmente e dende a Dirección do centro coa colaboración do Departamento de Orientación informarase á familia dos seguintes aspectos: oferta educativa do centro, horarios lectivos e de atención á familia, organización do centro, actividades extraescolares, bolsas e outras axudas, libros e materiais escolares, normas do centro, características da etapa, materias do curso, etc.

- **Entrevista inicial da persoa titora co alumno/a**

- **Entrevista inicial da persoa titora coa familia**

- **Información e autorización do pai/nai ou titor/a legal das medidas de atención á diversidade**

O pai/nai ou titor/a legal será informado previamente das medidas que cómpre aplicar para dar resposta ás súas necesidades educativas e solicitarase autorización escrita, utilizando o anexo 3 do Plan de atención á diversidade.

- **Incorporación do alumno/a ás medidas de atención á diversidade**

De considerarse necesario aplicaranse ao alumno/a as medidas de atención á diversidade que se consideren convenientes: reforzo educativo, adaptación curricular, flexibilización de idade, etc.

- **Seguimento do desenvolvemento persoal, social e académico do alumno/a.**

11.8. Protocolo para a solicitude e autorización de agrupamentos flexibles

En caso de considerar necesario poñer en marcha esta medida, o procedemento a seguir sería o seguinte:

- **Proposta razoada do equipo de profesores/as**

Proposta do equipo de profesorado do grupo ao que pertence o alumno/a expresada mediante un **informe individualizado** que elaborarán as persoas titoras en colaboración co Departamento de Orientación.

Nestes informes incluírase unha xustificación pormenorizada das razóns polas que esta medida se considera a máis apropiada: dificultades de aprendizaxe presentadas, competencias básicas adquiridas, nivel de competencia curricular, medidas de atención á diversidade aplicadas e aproveitamento das mesmas, circunstancias académicas relevantes do seu historial escolar, materias obxecto de agrupamento, etc.

- **Información á familia e autorización**

Informarase ao pai/nai ou titor/a legal desta medida, dos seus obxectivos e organización solicitando a súa conformidade por escrito. É necesario incidir no carácter flexible da mesma, de maneira que, cando un alumno/a de agrupamento supere as dificultades que presenta, regresaría ao seu grupo de referencia.

- **Envío da proposta ao Servizo de Inspección**

A dirección do centro enviará a proposta de organización dos agrupamentos específicos ao servizo de inspección educativa a quen lle corresponde a súa aprobación antes do 30 de setembro.

A proposta deberá incluír:

- O listado de alumnado que se inclúe nos agrupamentos.

- Os informes individualizados das persoas titoras.
- Os documentos de conformidade das familias.
- O cadro horario no que este alumnado permanecerá nos agrupamentos.
- O profesorado que se vai encargarse da docencia directa no agrupamento, indicando a súa situación laboral e distribución horaria semanal.
- Materias para as que se van constituír agrupamentos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas que deberán estar recollidas nas programacións xerais dos departamentos correspondentes.

12.-PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan Xeral de Atención á Diversidade, tomaremos como referencia o Artigo 46 do Decreto 229/2011, referido ao seguimento e a avaliación como procesos de mellora. En liñas xerais indican:

1. O seguimento e a avaliación dos diferentes proxectos, plans e/ou programas constituirán os procesos básicos no axuste e na mellora da atención á diversidade, polo que todos eles deberán establecer o procedemento, a temporalización, os indicadores e as persoas responsables deses procesos.
2. Todos os sectores implicados, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación dos proxectos, plans e/ou programas, de acordo cos procedementos que neles se establezan.
3. As persoas ou os equipos responsables da elaboración dos diferentes proxectos, plans e/ou programas, tendo en conta os indicadores de seguimento e avaliación que neles figuren, deberán deseñar os instrumentos adecuados para a recollida de información dos distintos sectores da comunidade educativa.
4. Os instrumentos destinados á recollida da información sobre o seguimento e a avaliación da atención á diversidade deberán ter en conta tanto aspectos de tipo cuantitativo e obxectivo como de tipo cualitativo.

Segundo o artigo 13 do **D. 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, “cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación será o Equipo Directivo que se encargará de valorar os resultados do mesmo, os cales servirán de punto de partida para posibles modificacións na procura dunha ***continua mellora do mesmo e, por tanto, da atención á diversidade do alumnado do noso centro.***

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, **o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.** Esta memoria incorporárase á memoria anual do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro”.

Tal e como indica o artigo 14 do referido decreto, corresponde aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins”.

Tendo como base o xa indicado, este seguimento e avaliación deberá incluír, entre outros, os seguintes aspectos:

- A adecuación da proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade ao contexto e ás características do alumnado.
- Contempla actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
- Recolle tódalas medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade recollidas no D 229/2011, tanto para primaria como ESO, e

tanto no Plan Xeral de Atención á Diversidade como nas concrecións anuais de dito plan.

- Valoración da súa eficacia en relación coa consecución dos obxectivos nel contemplados.
- Fai referencia as canles de colaboración coas familias do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
- Concreta as actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
- Fai referencia aos mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.
- Pertinencia das medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade.
- Pertinencia dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
- Inclúe protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
- Validez das actuacións establecidas para dar resposta á necesidade específica de apoio educativo.
- Detección dos aspectos mellorables e indicación dos conseguintes axustes.

13. ANEXOS

Anexo 1: Cuestionario Familiar de Inicio da Escolarización

Anexo 2: Folla de derivación ao Departamento de Orientación

Anexo 3: Conformidade das familias para adopción de medidas de atención á diversidade.

Anexo 4: Autorización da familia para a realización da avaliación psicopedagóxica.

Anexo 5.1: Conformidade da familia para adopción de medidas de adaptación curricular (a incluír no Documento Individualizado de Adaptación Curricular).

Anexo 5.2. Acta de reunión ACS

Anexo 6.1. Conformidade da familia para a intervención de algún especialista do equipo de orientación específico.

Anexo 6.2. Ficha para solicitude de intervención do EOE.

Anexo 7: Informe de seguimento e avaliación de alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Anexo 8: Protocolos de actuación que establece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con outras administracións de cara a ter un marco común de actuación (cada protocolo consta de anexos que se empregarán segundo o caso):

- Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo de Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica. Addenda de atención ao alumnado con diabete.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de derivación á unidade de saúde mental infanto-xuvenil.
- Protocolo de seguimento psicopedagóxico para a unidade de saúde mental infanto-xuvenil.
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

Anexo 9: Documentos frecuentes de uso académico-administrativo da Consellería de Educación.